

## *A Casa da Balinfra* *Feudo dos Troncoso de Ulloa no Val Miñor*

RAFAEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ-BROULLÓN

A casa de Balinfra tomou o seu nome do lugar homónimo situado na freguesía de Santa Baia de Camos, en Nigrán. Na actualidade, desaparecidos o gran hórreo e a capela, e alterada en boa medida a súa traza orixinal, apenas conserva signos do carácter pacego que gozou noutros tempos.

Nas súas orixes Balinfra foi propiedade dos Troncoso de Ulloa, unha das múltiples ramas familiares esgazadas do tronco principal dos Troncoso, señores da fortaleza de Camos, chamada tamén Torres Brancas e, aínda, A Florida, a vella casa nativa da estirpe.

Baixo a sombra dos seus parentes maiores, os Troncoso de Ulloa gozaron de certa relevancia no Val Miñor. A súa orixe atopámola na segunda metade do século XVI no matrimonio de don Juan Troncoso de Sotomayor, fillo de don Antonio Troncoso e de dona María Yáñez de Cea, señores de Camos, con dona Maior Sánchez de Ulloa e Moscoso, en quen houbo por fillos a don Gregorio; dona Ana, esposa do bacharel don Pedro de Cadaval, pais de dona Ana Troncoso, monxa en Nosa Señora da Anunciación de Baiona; don Álvaro, fundador do morgado de Balinfra, de quen nos ocuparemos máis adiante; e dona Isabel Sánchez de Ulloa e Moscoso, casada de primeiro matrimonio con don Fernán Pérez, e en segundas nupcias co escribán vigués don Álvaro del Puerto, fillo do tamén escribán don Martín de Araoz Monteagudo, dos que tivo descendencia<sup>1</sup>, dona Isabel testou en Vigo o 30 de setembro de 1592 e faleceu en outubro daquel ano.

O primeiro señor de Balinfra, don Álvaro Troncoso de Ulloa, foi militar de profesión con brillante folla de servizos. Na súa xuventude serviu ao Rei en Flandres e, xa co grao de capitán, foi destinado á praza de Baiona, vila dende a que partiu o 22 de abril de 1587 á fronte dunha compañía de Infantaría composta por 140 homes á cidade de A Coruña, ameazada entón por un eventual ataque inglés. A primeiros de maio de 1589 participou na defensa da cidade herculina sometida ao asedio de Francis Drake<sup>2</sup>. O colofón á súa dilatada carreira militar púxoo o seu nomeamento de alcaide e gobernador do castelo de Santiago de Viana, na actual Viana do Castelo, Portugal, onde outorgou testamento o 11 de agosto de 1605.



Casa de Balinfra. Santa Baia de Camos, Nigrán.

Neste interesante documento manifesta don Álvaro o seu desexo de ser sepultado na capela de Santa Catalina, no propio castelo de Viana, pasado un tempo ordena que os seus restos se depositen na súa capela de San Miguel, incluída no convento de San Francisco de Baiona. Dispón a continuación un legado de 1.200 misas pola súa alma, 700 nos conventos de Viana e 500 en San Francisco de Baiona. Libera don Álvaro a Antonio Negro, o seu escravo, e confía a Antonia, a súa escrava, á súa filla dona Beatriz. ?Ordena edificar, despois de pasar catro anos do seu óbito, unha capela baixo a advocación de San Miguel no seu lugar de Balinfra e funda, finalmente, unha mellora de terzo e quinto vincular cos seus bens .../... y que haya de ser y sea cabeza de este dicho patronato y morgado la mi capilla de San Miguel de Baiona y la que se hiciere dentro de la mi granja que está sita en la aldea de Balinfra con sus casas, viñas, guertas y campos a la dicha granja llegados ./ con la obligación para los sucesores de agregar el tercio y quinto de sus bienes libres al morgado familiar, y si ./ casare con señora de otra casa y morgado haya siempre el que sucediere de llamarse de mi apellido de Troncoso y Ulloas por ser como soy uno de tres señores directos de la casa de los Troncosos .../...<sup>3</sup>

Casara don Álvaro Troncoso con dona Beatriz de Estrada e Marañón, que premorreu ao seu marido e foi sepultada no mosteiro de San Felipe de Madrid. Froito do seu matrimonio foron don Álvaro, bautizado en Santa María de Baiona o 7 de abril de 1591, casou con dona Dominga Miria, falecida en 1663 en Camos, freguesía onde tamén faleceu o seu marido e foi sepultado o 13 de setembro de 1664; dona Beatriz Marañón, casada co licenciado don Felipe de Espiñenta, a quen o seu sogro confesa deber 1.500 ducados do dote prometido;



Vista do patio interior.

don Juan Jerónimo Marañón, a quen seu pai promete en congrua .../... *si Dios fuere servido que sea clérigo ./.* la mi granja de Gundeán, que está sita en la feligresía de Nigrán, con sus casas altas y bajas, bodegas y lagares, y con sus viñas, huertas de limonar y arbolado, y con los campos do Reguengo y todo lo demás a ella anexo .../...<sup>4</sup>; e don Antonio, nomeado polo seu pai sucesor nos padroados e bens vinculares.

Don Antonio Troncoso de Ulloa foi señor de Balinfra e herdeiro universal da súa tía dona Isabel Vázquez Taboada<sup>5</sup>. Como o seu proxenitor, foi capitán e serviu ao Rei á fronte dunha Compañía na guerra con Portugal. En 1606 casou en Redondela con dona Inés Prego de Montaos e Sotomayor, irmá e herdeira do clérigo don Sebastián Gómez Falcón Lobato, abade de Santa María de Ponte Sampaio. Ambos os dous eran fillos de don Paio Gómez Falcón de Sotomayor<sup>6</sup> e de dona María Prego de Montaos, señores da casa redondelá de Quintela, en San Mamede de Quintela, dos cales a súa filla herdou bens e rendas na vila de Redondela.

En 1640 outorgaron don Antonio e dona Inés testamento mancomunado<sup>7</sup>. En virtude desta escritura fundaron morgado e agregaron os seus bens á mellora vincular fundada por don Álvaro Troncoso. Nomearon herdeiro universal dos seus bens a don Miguel Troncoso de Ulloa e Sotomayor, o seu único fillo, que herdou aos seus pais e á súa parente dona Constanza Vázquez de Quiroga<sup>8</sup>, foi señor da casa e morgado de Balinfra, patrón da capela de San Miguel e copatrón do beneficio curado de San Martiño de Moreira. Contraeu matrimonio con dona María Coello de Cea, filla do capitán don Pedro Fernández Coello e de dona Francisca de Cea Mariño, de quen dona María foi herdeira universal. Ambos os



No 2008 a Casa de Balinfra tivo un profundo proceso de reformas.

dous esposos outorgaron testamento na súa casa de Balinfra o 15 de setembro de 1677.

Froito da súa unión foron dona Paula María, bautizada en Santa Baia de Camos o 27 de febreiro de 1642; tiña 16 anos de idade cando o 3 de xullo de 1658 foi dotada con 1.800 ducados en bens<sup>9</sup> e casou baixo dispensa papal co seu tío don Jerónimo de Cea Mariño, capitán de Infantaría, fillo primoxénito e herdeiro de don Diego de Cea Mariño e de dona María de Castro e Carballido, señores da casa dos Cea de Vilariño, en San Pedro de A Ramallosa, con descendencia; don Miguel Juan<sup>10</sup>; don Antonio Valentín, bautizado en Camos o 18 de febreiro de 1643, fillo primoxénito varón, señor da casa de Balinfra e dos bens pertencentes ao morgado de Redondela que posuían os ascendentes da súa avoa dona Inés, casou con dona María Ozores Correa e Sotomayor, viúva do capitán don Domingo de Godoy Troncoso, filla de don Antonio Correa de Romay Sotomayor, familiar do Santo Oficio, cabaleiro do hábito de Alcántara, e de dona Magdalena de Zúñiga Ozores e Sotomayor, señores da casa de Goián, en Tomiño, de quen non tivo descendencia; dona Inés e dona Micaela, monxas no convento de Redondela; dona Ana Josefa, herdeira por vía de mellora da granxa e lugar de O Cruceiro, en Santiago de Parada; don Melchor Carlos, nacido en 1648, clérigo<sup>11</sup>, abade de Santiago de Parada das Achas, en A Cañiza, receptor dos bens vinculares ao falecer o seu irmán primoxénito sen deixar descendencia, en 1699 converteu a pequena capela privada de Balinfra en colativa e incorporou os seus bens libres ao morgado familiar; e don Pelayo Antonio Troncoso de Ulloa, en cuxos descendentes recaerían finalmente a casa e bens anexos de Balinfra.



Casa de Balinfra. Santa Baia de Camos, Nigrán. Fachada lateral.

Nacido en 1651, don Pelayo Antonio Troncoso de Ulloa Falcón e Sotomayor contraeu matrimonio con dona Maior de Zayas e Guzmán e estableceron a súa residencia en San Salvador de Coruxo, en Vigo. Froito desta unión foi don Fernando Antonio Troncoso de Ulloa e Sotomayor quen, en dona Dominga González e Fernández, moza solteira<sup>12</sup>, filla de don Tomé González e dona Inés Fernández, de Camos, tivo por fillos naturais e recoñecidos a don Fernando, primoxénito e herdeiro; don Francisco; don Pelayo, que residiu en San Salvador de Coruxo e en 1764 esixiulle ao seu irmán primoxénito bens en concepto de alimentos para a súa manutención; don José, dona Juana e dona Josefa Troncoso de Ulloa.

O primoxénito e herdeiro, don Fernando Antonio Troncoso de Ulloa foi señor de Balinfra e gozou dun respectable patrimonio, se ben bastante disperso e atomizado. Os seus bens estendíanse polas freguesías de Camos, Parada, Santo Estebo de Budiño, Pazos de Reis e diferentes lugares do actual termo municipal de Redondela.

Casou con dona Leonor Eufemia de Araujo e Correa, filla de don José Francisco de Araujo, comandante do rexemento de Milicias de Pontevedra, e de dona Francisca Bernarda Correa, en quen houbo por fillas a dona María Felipa<sup>13</sup>, casada con don Juan de la Fuente, viúvo de dona María Francisca de Oia, gobernador da fortaleza de Goián, en Tomiño, señor da casa e morgado de Vilares, en Santa María de Vilaza, con descendencia; dona María Andrea; e dona María Bernarda Troncoso e Araujo, nacida en San Miguel de Peitieiros, Gondomar, o 17 de agosto de 1763, filla primoxénita, a quen o seu pai, ancián e enfermo, o 24 de outubro de 1782 cede a administración da súa casa e facenda.

En 1784 casou dona María Bernarda Troncoso en Santa Baia de Camos con don Tomás Manuel Rivera e Quiñóns, señor do pazo e morgado de Rivera, en Santa Cristina de Lavadores, Vigo, tenente Coronel de Infantaría, gran Cruz de San Hermenegildo, que administrou os bens da súa esposa e habíalle de dar por fillos a dona Joaquina, casada con don José Antonio Jáuregui e Mejía; don Tomás, clérigo, abade de San Miguel de Bouzas e Santa María de Vigo; dona Rosa Francisca, casada en primeiras nupcias con don Francisco Pérez Villar, capitán de Milicias, con descendencia, e de segundo matrimonio con don Francisco Rodríguez Silva, dono de bens e facenda en San Salvador de Teis, Vigo; dona Tomasa, casada co tenente Coronel don José Sierra e Fernández, con descendencia; e don Manuel Rivera e Troncoso, primoxénito e herdeiro, os seus descendentes continuarán a liña sucesoria na casa e bens de Balinfra.

Emulando o seu proxenitor, foi don Manuel tamén militar de profesión e alcanzou ao seu falecemento o grao de xeneral de Infantaría Española. A súa temperá morte, acontecida no curso dunha acción bélica en Neda, Ferrol, alterou a sucesión ordinaria nos bens familiares. Os seus fillos, dos que máis adiante nos ocuparemos, viviron a súa mocidade baixo a tutela de don Tomás, o seu avó, quen administrou os seus bens.

Don Manuel Rivera e Troncoso estivera casado con dona Asunción Sempere e Valero, filla do mariscal de Campo don Rafael Sempere, gobernador militar da praza de Vigo, e de dona Margarita Valero, naturais de Elche, en quen houbo por fillos a dona Juana; dona Asunción, casada con don Manuel García Maceira, de ilustre ascendencia en Tui; dona Cristina; dona Genoveva, nacida en Vigo o 29 de febreiro de 1844; dona Tomasa; don Higinio, nacido en 1845, xeneral de División, falecido en Sarria en 1911; e don Manuel Rivera e Sempere, tenente Coronel de Artillaría, casado con dona Pilar Gil de Atienza e Ramos, con descendencia<sup>14</sup>.

## HERÁLDICA

### ARMAS DOS TRONCOSO DE ULLOA, SEÑORES DE BALINFRA. CASA DE BALINFRA. SANTA BAIÁ DE CAMOS, NIGRÁN.

Localización: Casa de Balinfra. Freguesía de Santa Baia de Camos. Nigrán.

Datación: Século XVII.

Estado de conservación: Erosionado. Roto nalgunhas partes.

Descrición: Esta pedra armeira está colocada actualmente na fachada principal da casa, baixo a prolongación do tellado que cobre a terraza que mira ao patio interior. Mostra un escudo co seu campo partido e semicortado. Ao timbre, helmo afrontado e empenachado.


Primeiro: (De azul) un tronco de árbore (da súa cor) arrancada. TRONCOSO.

Segundo: Axadrezado de tres e cinco ordes (de ouro e gules), os xaques de gules cargados de dúas faixas (de ouro). Armas da liñaxe ULLOA

Terceiro: (De prata) unha cabeza de lobo (de sabre), arrancada e linguada (de gules). MOSCOSO.

Estas armas pertencen ao capitán don Álvaro Troncoso de Ulloa fundador, o 11 de agosto de 1605, do morgado da casa de Balinfa.

Don Álvaro Troncoso, recordemos, era fillo de don Juan Troncoso de Sotomayor e de dona Maior Sánchez de Ulloa e Moscoso, neto paterno polo tanto de don Antonio Troncoso de Sotomayor, señor da fortaleza de Camos, e de dona María Yáñez de Cea. Pola súa liña materna estaba emparentado don Álvaro cos señores da casa torre de Leirado, en San Salvador de Leirado, Salvaterra de Miño, da que era señor na primeira metade do século XVI Rui Sánchez de Ulloa e Moscoso, casado con dona Mencía Pereira de Castro, filla de don Rodrigo Pereira de Castro e de dona María de Sotomayor.



#### FONTES DOCUMENTAIS:

Arquivos: Fundación Fermín Penzol; Xenealóxico do autor; Histórico Diocesano de Tui; Histórico Provincial de Pontevedra; Parroquial de Santa Baia de Camos; Parroquial de San Fiz de Nigrán; Parroquial de Santa María de Baiona; Parroquial de Santiago de Parada; Do Reino de Galicia.

#### BIBLIOGRAFÍA:

- ASOCIACIÓN AMIGOS DE LOS PAZOS. *Inventario de pazos y torres*. Vigo, 1982
- CRESPO POZO, J.S. *Blasones y linajes de Galicia*. Segunda Edición. A Coruña, 1997
- ESPINOSA RODRÍGUEZ, J. *Casas y cosas del Valle Miñor*. Vigo, 1956
- RODRÍGUEZ FDEZ.-BROULLÓN, R. *Los Rivera y los Núñez Falcón. Dos linajes vigueses en la ascendencia de los marqueses de Méndez Núñez*. Pontevedra. Revista de Estudios Provinciales, Nº 17. Deputación de Pontevedra, 2002

## NOTAS

1. Froito do primeiro matrimonio foron dona María, casada con don Juan Pereira de Castro, de quen tivo por fillas a dona Isabel e a dona María Troncoso; e dona Antonia Troncoso de Ulloa, esposa de don Francisco de Mogueimes Faxardo, fundador do morgado da casa de Espiñeiro, en San Salvador de Teis, Vigo, pais de sor Antonia de la Madre de Dios, filla única, monxa no convento de Redondela. Don Francisco de Mogueimes tivo un fillo natural chamado don Gregorio de Mogueimes, cuxos descebdébtes continuaron a liña sucesoria na casa e bens de Teis.  
Do seu segundo matrimonio tivo dona Isabel Sánchez de Ulloa por filla única a dona Ana Álvarez Troncoso e Moscoso, avoa de don Juan Antonio de Oia e Sotomayor, quen preiteou co convento de Redondela na Real Audiencia de Galicia polos bens que pertencían á súa parente sor Antonia de la Madre de Dios.
2. Dende o ano 1876 a coruñesa rúa Capitán Troncoso lembra a participación de don Álvaro naquelas xornadas.
3. ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (en diante ARG). Real Audiencia. Leg. 22362/4.
4. ARG. *Real Audiencia*. Leg. 22362/4.
5. Viúva e veciña de Camos, dona Isabel era filla de don Alonso Froiz Taboada e de dona Ginebra Gómez. Outorgou testamento o 6 de xullo de 1630. ARQUIVO DIOCESANO DETUI. Parroquia de Santa Baia de Camos. Ano 1630, escribán Alonso dá Gándara Sanjurjo.
6. En compañía dos seus fillos varóns, o 24 de xuño de 1606, outorgou escritura de dote a favor da súa filla e agregou a totalidade dos bens dotais á mellora vincular fundada polo capitán don Álvaro Troncoso de Ulloa.
7. Viúva, o 29 de xullo de 1662 dona Inés Prego de Montaos outorgou un novo testamento na súa casa de Balinfra mediante o cal agregou os seus bens ao morgado familiar. ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (en diante AHPP). Protocolos notariais. Ca. 2854 (6).
8. Viúva de don Antonio Troncoso. Outorgou testamento en Camos o 31 de xaneiro de 1652. AHPP. Protocolos notariais. Ca. 2832 (2).
9. Entre eles o lugar do Caeiro, sito na actual freguesía de Santa Cristina da Ramallosa .../... *con sus molindas y caserío, cochos de heredad, dehesa y monte, entre otros bienes .../...*
10. Padre dunha filla natural habida en dona Magdalena Rouco, moza solteira e veciña de Nigrán, á que puxeron por nome Luisa Antonia, bautizada en Santiago de Parada o 19 de abril de 1687.
11. O 8 de maio de 1678 foi dotado por vía de congrua para tomar os hábitos pola súa nai e irmán primoxénito con máis de 1.500 ducados en bens e rendas situados no termo municipal de Redondela. Pertencían ao patrimonio de dona Inés Prego de Montaos, a súa avoa paterna. ARG. Real Audiencia. Leg. 22362/4.
12. Casou finalmente baixo dispensa papal con don Fernando Antonio en Camos, o 3 de abril de 1720.
13. Herdeira do morgado fundado polos seus tíos, o clérigo don Bernardo Antonio e dona Rosa de Araujo no ano 1789, ratificado por escritura outorgada en San Miguel de Peiteiros, Gondomar, o 9 de xuño de 1792. Faleceu o 18 de marzo de 1823 e foi sepultada ao día seguinte en San Miguel de Peiteiros.
14. Véxase R. RODRÍGUEZ FDEZ.-BROULLÓN, *Los Rivera y los Núñez Falcón. Dos linajes vigüeses en la ascendencia de los marqueses de Méndez Núñez*. Pontevedra. Revista de Estudios Provinciales. Nº 17. Ano 2002.